



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

Expediente 2019/E001/000001

DECRETO DE CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO.-

ANTECEDENTES DE FEITO:

- Informe de necesidade da acción proposta subscrito polo Concelleiro Delegado de Réxime Interno e RR.HH., en data 28 de marzo de 2019.
- Proposta de Bases que rexerán a convocatoria.
- Informe técnico do Departamento de Persoal, de data 4 de abril de 2019.
- Informe favorable emitido pola Intervención Municipal (nº 348), en data 25 de abril de 2019.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- RD Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto de delegación de funcións no concelleiro-delegado da Area de Réxime Interno e Recursos Humanos (1251/2015) complementado polo Decreto 2438/2015, de 23 de decembro.

Por todo iso, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- A aprobación das seguintes Bases reguladoras:

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA LISTA DE ESPERA PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE TÉCNICOS EN TURISMO.-

1.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é o nomeamento como funcionario/a interino/a de Técnico/s en turismo para a atención das funcións que como persoal técnico sexan consecuencia das diferentes subvencións ou convenios convocadas pola Excm. Deputación Provincial da Coruña ou calquera outra Administración e concedidas ao concello das Pontes, ou subscritos polo mesmo no caso de Convenios. Para a cobertura destas prazas crearase unha lista de espera, e mediante a mesma serán cubertas as necesidades segundo sexan notificadas as resolucións das correspondentes subvencións, ou se asinen os correspondentes convenios de colaboración.

Descrición da praza: Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: Técnicos Medios.

2.- Período e modalidade de adscrición:

Funcionario interino ao abeiro do especificado no artigo 10.1 c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RD Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TR-EBEP).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

Período: O que se determine en función das subvencións concedidas e os límites temporais establecidos nas mesmas.

3.- Sistema de provisión:

Concurso-oposición.

4.- Retribucións:

Básicas: correspondentes ao Grupo B

Complemento de Destino: Nivel 16

5.- Requisitos dos aspirantes:

- a) Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.
 - b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
 - c) Posuír algunha das titulacións seguintes :
 - Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
 - Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
 - Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado.
 - Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
 - Grao ou licenciatura en Humanidades.
 - Grao ou licenciatura en Xeografía e ordenación do territorio.
 - Grao ou licenciatura en Historia.
 - d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.
 - e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
 - f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
 - g) Estar en posesión da seguinte titulación de lingua galega: CELGA 4 ou equivalente.
- Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de nomeamento, excepto o do apartado g), que non ten carácter excluínte, podendo ser cuberto pola realización da proba especificada na Base 8ª.

6.- Presentación de instancias:

6.1) As instancias, ás que se lles xuntará a documentación xustificativa dos méritos que se valoran na convocatoria, así como a titulación correspondente á lingua galega, de selo caso, e nas que se declarará o cumprimento das condicións establecidas, serán presentadas ao Rexistro Xeral do Concello no prazo de dez días naturais, contados dende o seguinte ao do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén publicarase dito anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. Realizarase no modelo oficial publicado na antedita páxina web, o cal será facilitado no Rexistro Xeral do concello. Achegaranse contratos, nomeamentos ou certificacións nas que necesariamente figuren a índole e categoría dos servizos prestados. Non se valorarán servizos prestados en postos nos que non se requira a titulación mínima esixida na convocatoria ou que os servizos foran diferentes aos específicos dun Técnico en turismo. Achegarase unha relación dos méritos, todos eles perfectamente comprobables en relación coa documentación presentada. Cando no apartado de cursos non figure o número de horas de que consta o mesmo, valorarase coa puntuación mínima. No caso de posuír un master nalgunha especialidade turística, valorarase coa puntuación máxima. As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello en horario de 8:30 a 14 horas, de luns a venres. Tamén poderán presentarse por calquera dos medios admitidos na



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

6.2) Rematado o prazo de presentación de instancias, o concelleiro delegado de Réxime Interno e Recursos Humanos ditará resolución, no prazo de cinco días naturais, que será publicada no Taboleiro de anuncios e na páxina web municipais, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, todo elo nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

6.3) Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Concelleiro Delegado de Réxime Interno e Recursos Humanos declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no Taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do exercicio e a composición do Tribunal.

6.4) Agás a convocatoria, que será publicada do xeito establecido nestas Bases, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do Taboleiro de anuncios da Casa do Concello, inseríndose tamén na páxina web desta Entidade.

7.- Tribunal:

Estará composto por persoal funcionario de carreira da Administración con titulación suficiente e cumprindo os criterios previstos no TR-EBEP. Así mesmo, poderán ser nomeados asesores para auxilio do Tribunal nas súas especialidades técnicas.

Nomearase un Presidente/a, tres vogais e un secretario/a, cos seus correspondentes suplentes, respectándose a paridade home/muller establecida legalmente.

8.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

8.1.- Fase de oposición (obrigatoria e eliminatoria): Consistirá na redacción por escrito, no tempo máximo dunha hora e media, de dous temas de carácter xeral en relación co Anexo I, sen ter que limitarse, expresa nin necesariamente, ao contido dos epígrafes, podendo mesmo incluír varios ou parte destes na súa formulación. Valorarase o contido dos coñecementos en canto a formación xeral, así como a capacidade de síntese e a expresión escrita. A puntuación máxima será de 15 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non obteñan un mínimo de 7,5 puntos.

8.2.- Fase de concurso (baremos aplicables):

A) Cursos relacionados coa actividade, incluíndo cursos de lingua estranxeira, ata un máximo de 1,5 puntos:

Ata 40 horas: 0,1 ptos.

De 41 a 80 horas: 0,2 ptos.

De 81 a 120 horas: 0,3 ptos.

Máis de 120 horas: 0,4 ptos.

B) Por servizos prestados (ata un máximo de 3,5 puntos):

a) Servizos prestados como guía ou técnico de turismo en Oficinas de Turismo ou Centros de Interpretación pertencentes ás Administracións Públicas: 0,15 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

b) Servizos prestados como guía ou técnico de turismo en Oficinas de Turismo ou Centros de Interpretación, pertencentes a Centros, Entidades ou Empresas privadas: tanto por conta allea como por conta propia: 0,05 puntos cada mes completo ou fracción superior a quince días.

Os referidos servizos acreditaranse do seguinte xeito:

a) A antigüidade na administración pública xustificarse mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración na que se tiveran prestado estes, a categoría, e se a xornada e a tempo completo ou parcial.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

b) Para o caso de servizos prestados por conta allea en empresas ou entidades privadas ou como traballador autónomo por conta propia:

- Experiencia por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social, que se acompañará de fotocopia dos contratos, de nómina, de certificado oficial de empresa ou outro documento oficial que especifique a categoría profesional e o posto ocupado.

- Traballadores autónomos ou por conta propia. Informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE. Así mesmo, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na Seguridade Social coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados.

Os contratos/servizos a tempo parcial computaranse proporcionalmente á xornada efectivamente desempeñada.

8.3.- Coñecemento da lingua galega:

Os aspirantes que non acrediten o coñecemento do galego serán obxecto dunha proba específica de tradución directa ou inversa dun texto, que se cualificará como de APTO ou NON APTO. A duración da proba non será superior a quince minutos. Serán eliminados os aspirantes que non acaden a puntuación de APTO.

9.- Puntuación total:

Será o resultado de sumar a fase de oposición máis a fase de concurso.

10.- Lista de espera:

a) Proposta de nomeamento: Elaborarase unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que teñan superada a fase de oposición e unha vez dado cumprimento á base novena. Esta lista de espera funcionará durante os exercicios 2019 e 2020 para os nomeamentos relativos ás prazas que dean cobertura ás subvencións concedidas pola Excma. Deputación Provincial ou calquera outra Administración Pública, relacionados con Técnicos de turismo, ou convenios de colaboración. De existir empate entre os aspirantes, este dirimirase mediante a escala seguinte:

1º) Maior puntuación na fase de oposición.

2º) Maior puntuación no apartado de servizos prestados.

3º) Maior puntuación no apartado de cursos.

b) Funcionamento da lista: A orde da lista será respectada en todo caso, producida a continxencia especificada nas presentes Bases e que dea obxecto á operatividade da lista, por estrito orde decrecente de puntuación. Caso de terse concedido máis dunha subvención que dea lugar a períodos de nomeamento diferentes antes da entrada en vigor da lista, o aspirante con maior puntuación terá dereito a elixir a cal das prazas se incorpora. De non ter sucedido isto, o/a aspirante con maior puntuación será chamado/a para a cobertura da subvención concedida e así sucesivamente segundo se vaian recibindo as notificacións doutras subvencións. O mesmo procedemento será de aplicación aos convenios de colaboración. Unha vez rematado o prazo de nomeamento, en virtude desta lista, pasarase ao final da mesma. O rexeitamento da incorporación unha vez producida a chamada, tamén determinará o pase ao final da lista. Esta lista provoca a anulación de calquera lista de espera vixente para este servizo.

11.- Reclamacións e recursos:

Contra as cualificacións de cada exercicio realizadas polo Tribunal poderán reclamar os interesados, perante este, no prazo dos tres días seguintes ao de seren publicadas. Contra a proposta de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

aprobados, publicación de lista de espera, etc., efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da LPACAP, no prazo dun mes, perante o concelleiro delegado da Area de Réxime Interno e Recursos Humanos. Contra a Resolución do concelleiro delegado de nomeamento do aspirante seleccionado, lista de espera, etc, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o devandito concelleiro, no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña aquel o seu domicilio.

12.- Impugnación:

As presentes bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na LPACAP.

13.- Presentación da documentación.

Cada aspirante nomeado deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base 5ª, no prazo de tres días naturais, a contar dende a notificación da proposta de nomeamento. Cumprido-los anteriores requisitos, pola Concellería Delegada procederase ao nomeamento e posterior toma de posesión como funcionario/a interino/a.

ANEXO:

Temario para o exercicio da Fase de oposición.

Tema 1.-A Constitución española de 1978. Principios xerais. Estrutura e contido.

Tema 2.-A Administración periférica do Estado. Os delegados do goberno e os subdelegados do goberno. Outros órganos periféricos.

Tema 3.-A organización territorial do Estado na Constitución. Comunidades autónomas.

Tema 4.-Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 5.-A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas.

Tema 6.-O administrado. Colaboración e participación dos cidadáns nas funcións administrativas.

Tema 7.-O acto administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo.

Tema 8 .-A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía. As competencias da Comunidade. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente.

Tema 9.-Os bens das entidades locais. Réxime xurídico de utilización dos bens de dominio público.

Tema 10.-O servizo público na esfera local. Modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.

Tema 11.- A administración local. Concepto e desenvolvemento normativo no marco da Unión Europea.

Tema 12.- O municipio. A provincia . Desenvolvemento xurídico-normativo.

Tema 13.- Entidades locais supra e infra municipais. Desenvolvemento xurídico- normativo.

Tema 14.- O Estatuto Básico do emprego público. Aplicación á administración local.

Tema 15.- Conceptos básicos de informática: programas e linguaxes informáticas de uso habitual.

Tema 16.- Contextualización do turismo: definición, elementos, evolución e valoración da actividade turística.

Tema 17.- Identificación das tipoloxías turísticas e as súas tendencias. Especial referencia ao Turismo Industrial.

Tema 18.- Análise da oferta turística: Elementos e estrutura. O núcleo turístico.

Tema 19.- Caracterización da demanda turística: factores, clasificación dos clientes, motivacións e tendencias actuais.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

- Tema 20.- A comunicación cos clientes: proceso e canles de comunicación.
- Tema 21.- Caracterización do marketing turístico e aplicación ao mesmo das novas tecnoloxías.
- Tema 22.- Planificación de eventos: xestión documental e métodos de supervisión.
- Tema 23.- O termo municipal das Pontes de García Rodríguez. Núcleo urbano e parroquias.
- Tema 24.- Planificación da información turística no municipio das Pontes de García Rodríguez.
- Tema 25: Proposta turística de carácter industrial do concello Pontes de García Rodríguez: contextualización e propostas de desenvolvemento.
- Tema 26: Normativa estatal e autonómica en materia de turismo.
- Tema 27: Patrimonio histórico, cultural, industrial e etnográfico do concello das Pontes de García Rodríguez.
- Tema 28: Festas e eventos do municipio das Pontes de García Rodríguez.
- Tema 29: Aloxamentos turísticos e hostalería no municipio.
- Tema 30: A oferta turística da comarca do Eume: análise, estrutura e planificación.
- Tema 31. A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Réxime de protección e conservación.
- Tema 32. A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Os bens catalogados.
- Tema 33. A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Os bens culturais específicos.
- Tema 34. O Concello das Pontes. Historia antiga, medieval, moderna e contemporánea.
- Tema 35. O Poboado industrial das Veigas. Recurso patrimonial e turístico.
- Tema 36. O turismo das Pontes en internet. A web oficial do Concello das Pontes de García Rodríguez. As redes sociais do Concello das Pontes de García Rodríguez.
- Tema 37. Marketing e estratexias de promoción de destinos orientados á xestión turística municipal
- Tema 38. O Parque Natural das Fragas do Eume: espazo natural e destino turístico.
- Tema. 39. Novas tecnoloxías aplicadas ao turismo.
- Tema 40. A gastronomía no Concello das Pontes de García Rodríguez. Principais eventos gastronómicos e a súa evolución. Produtos gastronómicos e as súas singularidades. Oferta e temporalidade.
- Tema 41.-Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia. Organización e competencias da Administración galega.
- Tema 42.-Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia. Recursos, organización e calidade turística.
- Tema 43.-A declaración de municipios turísticos. Servizos mínimos dos municipios turísticos. Efectos da declaración de municipio turístico. Perda da condición de municipio turístico.
- Tema 44.-A declaración de festas turísticas. Requisitos, efectos e vixencia da declaración. Procedemento de declaración. Perda da condición.
- Tema 45.-Preparación e organización de feiras, congresos, conferencias e xornadas turísticas. Especial referencia a actividade provincial na promoción e asistencia a eventos.
- Tema 46.-Interpretación do patrimonio histórico e artístico das Pontes de García Rodríguez.
- Tema 47.-Recursos naturais da provincia da Coruña. Parques Naturais, reserva da Biosfera e zonas de especial conservación natural. Figuras de protección do patrimonio natural. Lexislación para a conservación e protección. Rede Natura.
- Tema 48.-Os xeparques e o xeoturismo. Normativa. Principais recursos xeolóxicos da provincia da Coruña. O procedemento de adhesión a Unesco.
- Tema 49.-O patrimonio municipal. Principais elementos patrimoniais dependentes do Concello. Xestión e actividades. Turismo escolar.
- Tema 50.-Estatística aplicada ao turismo.

SEGUNDO.- Publicar o texto íntegro das referidas Bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do concello das Pontes.

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 26/04/2019 10:37:00)

Adrián Márquez Caramés

(FECHA: 25/04/2019 20:16:00)

Decreto N°: 680/2019 - Fecha de decreto: 25/04/2019
Versión imprimible

CVD: MWALcftARFL0vMtOMHHS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

TERCEIRO.- Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno. No caso de ter interposto recurso de reposición, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que estea resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso interposto.

As Pontes de García Rodríguez.

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 25/04/2019 20:16:00) , Adrián Márquez Caramés (FECHA: 26/04/2019 10:37:00)

Decreto N°: 680/2019 - Fecha de decreto: 25/04/2019
Versión imprimible

CVD: MWAlcftAFRLOvMtOMHHS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.